



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria da Mesa de contratación para a contratación da “**Adquisición directa de terreo/s a título oneroso para senda fluvial e Área Recreativa, paraxe Faxín – en Ponte Dena (Dena)**”.

EXPEDIENTE: 620/2021

Publicada, o día 6 de xullo de 2021, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño a convocatoria de licitación, mediante procedemento de adxudicación directa, da contratación da “Adquisición directa de terreo/s a título oneroso para senda fluvial e Área Recreativa, paraxe Faxín – Ponte Dena (Dena)”, cun prazo de presentación de ofertas de 20 días naturais contados a partires do seguinte ao da inserción do anuncio de licitación no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, en virtude do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexe nesta adxudicación.

Remantado o prazo de presentación de ofertas o día 26 de xullo de 2021; esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, RESOLVE:

1º/ Convocar aos membros da Mesa de contratación, que asistirá ao órgano de contratación na adxudicación da “Adquisición directa de Terreo/s a título oneroso para senda fluvial e Área Recreativa, paraxe Faxín – en Ponte Dena (Dena)”, segundo se sinala na cláusula oitava do Prego de Cláusulas Económico-administrativas particulares que rexen nesta contratación, a D^a M^a Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora, D^a M^a Mar Pereira García, técnico medio de Administración Xeral, D^a Evangelina Veá Espiña, arquitecta técnica municipal e D. Antonio Vázquez Rosales, arquitecto municipal, como vocais e D^a Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para o día 28 de xullo, no salón de sesións da Casa Consistorial, ás 10:30 horas, para a constitución da Mesa de Contratación, apertura, cualificación de documentación e valoración das proposicións presentadas na convocatoria de licitación publicada no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 6 de xullo de 2021, ID 802456.

2º.- Convocar aos propietarios ou apoderados para que asistan a este acto para a negociación e correcta identificación da denominación das fincas que figuran no documento de propiedade coa referencia catastral das mesmas.

3º/ Publicar a presente convocatoria na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño.

Manda e asina o Sr. alcalde Carlos Vieitez Fernández, en Meaño, ante a secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral, do que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

